

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 9 DE OUTUBRO DE 2023

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00042652Z.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas anteriores.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00020976P.

Licenza para mellora de accesibilidade, reforma interior de dúas vivendas e reforma estrutural de edificio sito na rúa da Senra, 16.

Acórdase conceder a TERRAS DO SAL SL licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución con selo de visado de data 27/04/2022 e a documentación técnica complementaria con selo de visado de data 30/05/2023 redactados pola arquitecta Miriam Cortizo Zúñiga, cun orzamento de execución material de 171.315,92 €, a mellora de accesibilidade, reforma interior de dúas vivendas e reforma estrutural de edificio sito na rúa da Senra, 16 Santiago de Compostela (A Coruña). Mantarensen as condicións da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión do 27 de xuño de 2022.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00040090M.

Licenza para reforma de portal e baixada de cota de ascensor no edificio sito na rúa Amor Ruibal, 27.

Acórdase conceder á comunidade de propietarios Amor Ruibal 27 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución elaborado polo arquitecto Eugenio Torreira Pais de data de visado do 15/05/2023, cun orzamento de execución material de 27.378,15 €, a reforma de portal e baixada de cota de ascensor no edificio sito na rúa Amor Ruibal, 27 Santiago de Compostela (A Coruña).

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00040329Z.

Licenza para reforma interior de vivenda sita en Praza de Galicia, 3 - 6º DR.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico redactado polos arquitectos Ismael Ameneiros Rodríguez e Santiago Rey Conde de data de visado do 22/02/2023 e a documentación complementaria presentada o 19/06/2023, cun orzamento de execución material de 39.824,45 €, a reforma interior de vivenda sita en Praza de Galicia, 3, 6º DR Santiago de Compostela (A Coruña).

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00024470W.

Licenza para a consolidación do muro de contención na rúa Faraday, 39.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico redactado pola arquitecta Susana Dosil Núñez presentado o 26/05/2023, cun orzamento de execución material de 18,650.00 €, a consolidación de muro de contención sito na rúa Faraday, 39 Santiago de Compostela (A Coruña).

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: **2021/00038779J.**

Licenza para construción de cobertizo agrícola en Lugar de Vilariño-Nemenzo. Acórdase conceder, como se solicitou con data de 24/08/2021, licenza de OBRA NOVA para a construción dun cobertizo agrícola no Lugar de Vilariño- Nemenzo, parcela con referencia catastral 15079A515005090000FT, finca rexistral 21.347, achegando Proxecto técnico redactada pola arquitecta técnica Ana Vilariño Santos co visado colexial de data 11/08/2021, cun orzamento de execución material de 12.458,20 €, baixo a dirección de obra da proxectista.

As actuacións consistirán na construción de edificación dunha planta de 56,35 m2 destinada a almacén agrícola, cunha altura de 3,36 metros. A edificación está situada en solo clasificado como rústico no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 17 de Solo rústico de especial protección forestal.

7. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: **2022/00054760M.**

Licenza de obras de reconstrución de edificación para tres apartamentos turísticos na Rúa de San Lázaro, 22.

Acórdase conceder licenza de obras de reconstrución de edificación para tres apartamentos turísticos na rúa DE SAN LÁZARO, 22, con referencia catastral 9284409NH3498C0001HY, segundo Proxecto de execución modificado redactado polo arquitecto Carlos Romero Lage, co visado colexial de data 02/12/2022, cun orzamento de execución material de 42.429,87 €.

As obras consistirán na demolición e posterior reconstrución de edificación de planta baixa, dous plantas altas e baixo cuberta destinada a tres apartamentos turísticos (seis prazas) cunha ocupación en planta de 62,05 m2, altura de 12,45 metros e unha superficie construída total de 216,20 m2 (161,47 m2 útiles).

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza Ordenanza do núcleo de San Lázaro do PERI-5 de San Lázaro.

9. CONTRATACIÓN. Referencia: **2023/00030737J.**

Adxudicación do contrato das obras de acondicionamento de espazos para miradoiros no Monte Pedroso en Santiago de Compostela (EDUSI Santiago).

Acórdase:

Primeiro: Excluir do procedemento de adxudicación SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO,SL por non acreditar ter executado obras similares ou análogas ás do obxecto do contrato por o importe mínimo exixido no apartado F4 (solvenza técnica) do cadro de características do PCAP.

Segundo: Adxudicarlle, por ser a súa oferta a máis vantaxosa das admitidas e cumprir cos requisitos establecidos no PCAP para ser adxudicatario, o contrato das Obras de acondicionamento de espazos para miradoiros no Monte Pedroso en Santiago de Compostela. (EDUSI Santiago) cofinanciado polo FEDER a EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO SA. Presenta unha proposición económica por importe de 149.228,62 € (base impositiva de 123.329,44 € máis IVE do 21% de 25.899,18 €) e unha ampliación do prazo de garantía por riba do mínimo exixido en 5 anos.

Designase como responsable do contrato á Dirección Facultativa de acordo co artigo 62.2 da LCSP e como encargado da supervisión do contrato a Gregorio López Albaronedo, encargado do Departamento de Parques e Xardíns.

Terceiro: Comprometer un gasto por importe de 149.228,62 € con cargo á aplicación

orzamentaria 030 17100 6090000 (Código de proxecto: 2023 3 EDUSI 6 2).
Esta operación está incluída na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado e cofinanciada nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020.

10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00037163E.

Aprobación do expediente de contratación do servizo de dirección facultativa, dirección de obra e coordinación da seguridade e saúde das obras do proxecto reurbanización da rúa do Pombal. |

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente denominado Servizo de dirección facultativa, dirección de obra e coordinación da seguridade e saúde das obras do proxecto Reurbanización da rúa do Pombal, cun orzamento base de licitación de 37.239,09 € (base imponible de 30.776,11 € máis IVE do 21% polo importe de 6.462,98 €).

Segundo: Abrir o procedemento aberto simplificado de adxudicación ao abeiro do artigo 159 da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de 37.239,09 €, que se imputa á aplicación orzamentaria 060 15321 6190000: Código de proxecto: 2022 2 REURB12 1.

11. ÁREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: 2023/00019123Z.

Corrección de erro material no acordo de aprobación da participación do Concello na 2ª fase do Plan provincial POS+ Adicional 2/2023, da Deputación da Coruña. |

Acórdase a corrección do erro material na táboa do apartado 1.C) "Resumo de financiamento" do acordo de 25 de setembro de 2023 de participación do Concello de Santiago de Compostela na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 2/2023" da Deputación Provincial da Coruña.

12. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2023/00018062B.

Autorización para proceder á recepción de obras de reurbanización da praza de León. |

Acórdase autorizar ao o arquitecto municipal do servizo de proxectos e obras D. Diego Briego Argomaniz para proceder á extensión formal da acta de recepción definitiva das obras de reurbanización da Praza de León, en Santiago de Compostela adxudicadas á empresa ÁREA PROYECCIÓN, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS, S.L.U., cun orzamento de adxudicación de 187.550,00 € (21% IVE engadido) asinando o contrato de obras o 12/06/2023.

13. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2023/00041094C.

Aprobación do proxecto de execución da sala de usos múltiples do Centro Sociocultural de Rocha Forte. |

Apróbase o proxecto de execución da sala de usos múltiples do Centro Sociocultural de Rocha Forte coas seguintes condicións:

- ORZAMENTO

O.E.M. (Orzamento de Execución Material): 119.673,81 €

O.B.L. (Orzamento Base de Licitación, sen I.V.E.): 142.411,84 € (O.E.M. + 13% G.G. + 6% B.I.)

O.B.L. + I.V.E.: **172.318,33 €** (O.E.C. + 21% I.V.E.)

- O prazo de execución previsto é de 6 meses.

14. EMPREGO. Referencia: **2023/00031407Q.**

[Aprobación dun convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), para levar a cabo un proxecto de actividades para persoas con discapacidade na anualidade 2023.]

Acórdase:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración entre o concello de Santiago e COGAMI para levar a cabo un proxecto de actividades para persoas con discapacidade na anualidade 2023, que consta de dez páxinas mais anexos, estruturadas nun apartado relativo ás partes intervinientes e co carácter con que o fan; un expoñendo con nove apartados; e nove cláusulas contendo os pactos aos que as partes se comprometen a chegar, e cuxo obxecto é establecer a colaboración entre o concello de Santiago a través da Axencia Local de Colocación e COGAMI para o desenvolvemento dun programa experimental de emprego.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 15.000 euros (quince mil euros) que conleva a execución deste convenio con cargo á partida 010-24100-4890001 do orzamento municipal vixente, con número de operación RC 220230000994, a favor da Confederación Galega de persoas con discapacidade (COGAMI).

TERCEIRO.- Facultar á Concelleira de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude. Primeira tenenta de alcaldesa. para a sinatura dos documentos necesarios para a súa formalización.

CUARTO.- Trasladar o presente acordo aos interesados/as e aos servizos económicos para os efectos procedentes.

15. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: **2023/00014530K.**

[Aprobación do convenio coa Asociación Área Empresarial do Tambre, no marco do programa Compostela Móvese 2023.]

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o convenio de colaboración coa Área Empresarial do Tambre de Santiago de Compostela.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente para esta subvención nominativa por valor de 50.000,00 euros con cargo á partida orzamentaria 010 43300 4890001 dos orzamentos municipais de 2023.

Terceiro. Notificar esta resolución ás persoas interesadas

16. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: **2023/00040164X.**

[Aprobación das bases reguladoras e convocatoria para o ano 2023 de axudas destinadas a apoiar ás empresas de Economía Social de Santiago de Compostela, 2023.]

Apróbanse as devanditas bases.

17. DEPORTES. Referencia: **2023/00038926Z.**

[Resolución dos expedientes da convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do deporte federado, ano 2023.]

Acórdase:

Aprobar a resolución e contías das subvencións para o fomento do deporte federado 2023 a 52 entidades por un valor total de 307.999,77 €, imputándose dito gasto con cargo ao documento contable A 22030016441.

18. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: **2023/00016156Z.**

[Modificación puntual do acordo de renovación da frota do transporte urbano, ano

2023, substituíndo dous vehículos distintos aos que figuraban no mesmo.]
Acórdase aprobar a proposta presentada pola entidade operadora do transporte colectivo urbano de viaxeiros Autobuses Urbanos de Lugo, SA e TRAP SA, Lei 18/1982, de substitución de dous autobuses con números 2318 e 2376, en lugar dos números 1990 e 2339 que figuraban no acordo. Manterase o resto do acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de setembro, nos seus termos.

19. COMERCIO. Referencia: **2023/00029800L.**

Modificación da cláusula quinta, parágrafo quinto, do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación de Artesáns e comerciantes Ourives de Compostela para a creación e promoción da marca de produto “Ourives de Compostela”. Ampliación do prazo de xustificación.]

Acórdase:

A modificación da cláusula quinta parágrafo quinto do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación de Artesáns e comerciantes Ourives de Compostela para a creación e promoción da marca de produto “Ourives de Compostela, que queda redactada como segue:

“V.- A data límite de xustificación é o 20 de outubro de 2023. Para iso, a persoa beneficiaria deberá presentar a seguinte documentación:”

O resto do parágrafo mantense nos mesmos termos.

Este acordo non é susceptible de recurso sen prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento.

20. COMERCIO. Referencia: **2023/00004629B.**

Tomar coñecemento da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Comunidade de Propietarios Centro Comercial Área Central, para o desenvolvemento dun programa de dinamización comercial durante a anualidade 2023.]

Acórdase tomar razón da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Comunidade de Propietarios Centro Comercial Área Central para o desenvolvemento dun programa de dinamización comercial durante a anualidade 2023, cunha achega de 35.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890004.

21. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: **2023/00032054L.**

Tomar coñecemento da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o Mercado de Abastos de Santiago SCG.]

Dase conta da sinatura do Convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e Mercado de Abastos de Santiago Sociedade Cooperativa Galega conforme ao artigo 22.2º da lei 38/2003 xeral de subvencións e a aprobación do gasto por un importe de DEZ MIL euros (10.000,00 euros) con imputación á aplicación orzamentaria 010 43120 4790001.

22. INMIGRACIÓN E EMIGRACIÓN. Referencia: **2023/00020129P.**

Tomar coñecemento da sinatura do convenio coa asociación Coordinadora Galega de Organizacións non Gubernamentais para o Desenvolvemento.]

Acórdase tomar coñecemento da sinatura do convenio de colaboración asinado entre a asociación Coordinadora Galega de Organizacións non Gubernamentais para o Desenvolvemento e o Concello de Santiago de Compostela, para o ano 2023.

23. INMIGRACIÓN E EMIGRACIÓN. Referencia: **2023/00019251G.**

Tomar coñecemento da sinatura do convenio coa Asociación para a Promoción Social e a Inserción Laboral Plataforma Polo Emprego.

Acórdase tomar coñecemento da sinatura do convenio de colaboración asinado entre a Asociación Para a Promoción Social e a Inserción Laboral Plataforma Polo Emprego e o Concello de Santiago de Compostela, para o ano 2023.

24. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: **2023/00041853C.**

Persoamento no PO 388/2023 que se segue no Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Santiago de Compostela en defensa dos intereses municipais.

Acórdase o persoamento do Concello de Santiago de Compostela no PO 288/2023 que se segue no Xulgado Contencioso-Administrativo núm.1 de Santiago de Compostela co fin da defensa dos intereses municipais, no que a APLU declara que as obras executadas existentes na ampliación da planta baixa dun inmovible da rúa Caldeirería sobre o espazo existente entre as unidades edificatorias 4104.01 e 4104.2 son ilegalizables.

25. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: **2023/00041339N.**

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PO 313/2022 CA2.

Resolución: Sentenza 112/2023 do 26 de xullo de 2023, do Xulgado do Contencioso administrativo nº 2

Procedemento: PO 313/2022

Obxecto: Contra decreto ditado no expediente de reposición á legalidade 2022/00014718Y (orde de cesamento vivenda turística)

SENTIDO DA RESOLUCIÓN

A resolución é favorable aos intereses municipais xa que o Xulgado en base a reiterados pronunciamentos recentes do TSXG -por todos Stza TSXG 08.04.2022- desestima a demanda por catro motivos fundamentais que se centran nos seguintes aspectos:

- Que é necesario un título municipal habilitante non substituíble pola autorización autonómica;
- Que a tipoloxía de uso VUT non é equiparable a uso residencial, senón hosteleiro ou turístico
- Que a normativa urbanística aplicable é a vixente á do momento de analizarse a posible legalización
- Que consonte ao anterior a VUT analizada, non sería legalizable ao non ser compatible coa nova regulación do uso no PXOM (artigo 47.2 LSG)

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao departamento de disciplina urbanística para os efectos do seu coñecemento

26. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: **2023/00040314E.**

Tomar coñecemento da sentenza núm. 141/2023 recaída PO 384/2022 CA2.

Sentenza nº 141/2023

PO 384/2022 CA2

Obxecto: desestimación solicitude de revisión de oficio de expediente de disciplina urbanística

SENTIDO DA SENTENZA

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para o seu coñecemento

27. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00043646T.

[Tomar coñecemento do Auto núm.110/2023 recaído no PA 82/2022 CA1.]

Auto nº 110/2023

PA 082/2022 CA1

Obxecto: devolución de xuros derivada de devolución de IIVTNU (plusvalía).

SENTIDO DO AUTO

O auto é favorable para o Concello, recorrible en reposición.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento do auto.
2. Agardar pola súa firmeza.
3. Remitir á Sección de xestión tributaria para o seu coñecemento

28. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00042652Z.

[Tomar coñecemento das resolucións da Alcaldía e das Concellerías Delegadas.]

Tómase coñecemento.

URXENCIAS

29. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00006163G.

Licenza para a rehabilitación de edificación para tres vivendas e rochos na rúa Preguntoiro, 24 -San Paio de Antealtares, 18.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico presentado o 08/02/2023 e o proxecto de execución de data de visado do 07/08/2023 asinados polo arquitecto Carlos Romero Lage, cun orzamento de execución material de 252.070,00 €, a rehabilitación de edificación para tres vivendas e rochos sito na rúa Preguntoiro 24 San Paio de Antealtares 18 Santiago de Compostela (A Coruña).

30. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00054370Y.

Licenza para a rehabilitación de vivenda unifamiliar adosada na rúa Campo de Santa Marta, 29.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 06/09/2022 e documentación Anexa de data de visado do 06/02/2023, 14/04/2023, 20/06/2023 e do 26/07/2023 redactados polo arquitecto Esteban Canabal Antelo, cun orzamento de execución material de 88.227,36 €, a rehabilitación de vivenda unifamiliar adosada na rúa Campo de Santa Marta, 29 Santiago de Compostela (A Coruña).

31. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00030745K.

Licenza para construción de alpendre para aperos de xardin na parcela sita na rúa Decoita, 28.

Acórdase conceder a licenza para realizar, segundo os informes que constan no

expediente e conforme o proxecto técnico redactado polo arquitecto Antonio Sabucedo Costa presentado o 16/01/2023 e documentación complementaria do 30/05/2023 e do 10/07/2023, a construción dun alpendre para aperos do xardín na parcela sita na rúa Decoita 28, Santiago de Compostela (A Coruña) referencia catastral 5252323NH3455C0001OI.

32. ÁREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: 2023/00006439G.

Aprobación proxecto construtivo “Pavimentación dos lugares de Bar de Arriba, Bar de Abaixo e rúa dos Asidros”.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o proxecto construtivo de data 03/10/2023 da obra “Pavimentación dos lugares de Bar de Arriba e Bar de Abaixo e Rúa dos Asidros”, redactado polo enxeñeiro de camiños D. Antonio José Durán Maciñeira, e que ten as seguintes características:

- Orzamento: 175.800,32 euros + 36.918,07 euros de IVE = **212.718,39 euros.**
- Prazo de execución: 3 meses.
- Clasificación do contratista: non esixible.

Segundo. Comunicar este acordo á Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e para os efectos de continuar coa tramitación da solicitude presentada ao abeiro do plan POS+ 2023.

33. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2023/00014531E.

Aprobación do convenio coa Universidade de Santiago de Compostela no marco do programa Compostela Móvese e da Axenda Urbana 2030 de Santiago.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente para esta subvención nominativa por valor de 40.000,00 euros con cargo á partida orzamentaria 010 43300 4890003 dos orzamentos municipais de 2023.

Terceiro. Notificar esta resolución ás persoa interesadas

34. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00043749B.

Prórroga da concesión do recinto feiral de Amio polo prazo dun ano, a contar dende o 11 de novembro de 2023 ata o 10 de novembro de 2024.

Acórdase:

Primeiro.- Prorrogarlle polo prazo dun ano desde o 11/11/2023 ata o 11/11/2024 á mercantil MONFOBUS, SL a concesión do recinto feiral de Amio en virtude do contrato asinado o 11/11/1997 coa mercantil TRAP, S.A. con NIF A28186062, e cedido por acordo da Xunta de Goberno do 28/12/2010 a MONFOBUS,SL.

Segundo.- Notificar este acordo ao concesionario MONFOBUS, S.L., e aos servizos económicos (Intervención municipal, Oficina Orzamentaria e Xestión Tributaria).

35. CAPITAL CULTURAL.

Modificación das bases reguladoras das subvencións para actividades culturais do sector profesional.

Acórdase modificar o apartado ‘PRIMEIRA. FINALIDADE E OBXECTO’ que queda como segue:

‘PRIMEIRA. FINALIDADE E OBXECTO

1. Esta convocatoria de subvencións ten por obxecto o fomento das actividades culturais organizadas polas persoas e entidades dedicadas profesionalmente á produción de actividades culturais e artísticas do concello de Santiago de Compostela durante o ano 2023, coa finalidade de dinamizar a vida cultural no noso concello e estimular e apoiar os seus proxectos e programacións.
2. As actividades obxecto de subvención mediante esta convocatoria van dirixidas á promoción de procesos e actividades culturais e artísticas de amplo espectro, orientadas a todo tipo de públicos e idades e relacionadas coa música, teatro, exposición, cine, fotografías, conferencias, performances ou, en xeral, calquera acción cultural ou artística.
3. Non serán subvencionables os gastos estruturais das empresas e autónomos beneficiarios.’